



Economía e Emprendemento 4º ESO (3 horas)

¿EN QUE CONSISTE ESTA MATERIA?

A economía está presente en todos os aspectos da vida, de aí a importancia de que o alumnado adquira coñecementos económicos e financeiros que lle permitan estar informado, desenvolver un pensamento crítico e realizar unha adecuada xestión dos recursos individuais e colectivos, o que contribuirá a fomentar a mellora na súa calidade de vida, o progreso e o benestar social. Na actualidade, a economía e as finanzas, ademais de dar a coñecer os elementos e as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias que derivan das decisións financeiras, proxectan valores relacionados con, entre outros, a solidariedade entre as persoas, a importancia da sostibilidade ou a xestión responsable dos recursos e da desigualdade. Neste sentido, desempeña un papel importante a presenza da persoa emprendedora, que integra, por unha banda, unha formación económica e financeira e, por outra, unha visión que a anima a buscar oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades detectadas na contorna, desenvolvendo estratexias para levar esas ideas á acción. Así, xera valor para os demais e innova e contribúe a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

Economía e Emprendemento está considerada como **materia opcional en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria** e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado conte cunha educación económica e financeira para desenvolverse, asumir riscos de maneira responsable na súa vida cotiá e xestionar e levar á acción de maneira viable proxectos vitais, profesionais e empresariais, se así o desexa; por outra, que o alumnado busque solucións innovadoras e valiosas para afrontar os retos propostos, a través de estratexias de xestión do coñecemento, do autoconñecemento e da colaboración cos demais.

¿CONTIDOS QUE SE VAI ESTUDAR?

Os contidos da materia organízanse en catro bloques:

Bloque 1. O perfil da persoa emprendedora, iniciativa e creatividade

Bloque 2. A contorna como fonte de ideas e de oportunidades

Bloque 3. Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor

Bloque 4. A realización do proxecto emprendedor

O primer bloque relaciónase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autoconecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais e estratexias de xestión para facer fronte a contextos cambiantes e incertos nos que emprender. O segundo lígase á análise das distintas contornas – económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística–, así como ao desenvolvemento de estratexias de exploración destas que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan nelas, facéndoo consciente de que a contorna vai condicionar a realización dos seus proxectos persoais e profesionais. O terceiro vincúlase á captación e xestión de recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se leve á realidade. Deste xeito, abórdanse cuestións como fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento áxil dos equipos de traballo. O cuarto e último bloque trata de dar a coñecer o método de realización dun proxecto emprendedor desde a fase de ideación ata as de execución e validación do prototipo final.

RESULTA ESPECIALMENTE INDICADA PARA...

O alumado que desexe proseguir estudos de Economía no bacharelato. Non é necesario estudar Economía en 4º de ESO para poder elixir estes estudos no bacharelato, pero sempre axuda ter uns coñecementos previos.

